

*"Se ti viras o que eu vin  
alá arriba en Monterroso;  
vintecinco xastres xuntos,  
a cabalo dun raposo"*

(Cantiga popular)

# A VILA DAS FEIRAS MONTERROSO

CENTRO DE INTERPRETACIÓN




982 83 13 03



[museodemonterroso@gmail.com](mailto:museodemonterroso@gmail.com)



Praza do conselleiro Fernando Salgado  
27560 Lugo



CONCELLO DE  
MONTERROSO



## CENTRO DE INTERPRETACIÓN



O Centro de Interpretación Monterroso, a vila das feiras é a consecuencia dun traballo incesante ao longo de varias décadas da man de Don Carlos Méndez Vázquez. Nos anos 90 ábrense na vila unhas salas de propiedade particular nas que se exhibía a colección que hoxe, despois de máis de seis anos de conversas entre os equipos de goberno e o párroco, fican como un ben do Concello de Monterroso, exposto ao público para o seu disfruto xeral.

As pezas doadas de dita colección, xunto con outras expostas por primeira vez neste centro, artellan dúas áreas temáticas que se complementan entre si: a Historia da Ulloa e como esta se viu afectada pola Feira de Monterroso.

## A HISTORIA DA ULLOA

A Ulloa é un territorio de pronta ocupación poboacional, tanto é así, que nesta primeira área, faremos un percorrido dende a Prehistoria ata a actualidade.

A evolución da comarca é contada a través de singulares vestixios arqueolóxicos, importantes manifestacións artísticas de diferente natureza, así como variada documentación; pezas únicas coas que reivindicar o noso patrimonio material e inmaterial.

Ao longo das salas, pónense en contexto as sociedades de todos os períodos, explícanse os eventos sociais, políticos e económicos máis destacados, visibilízanse os nosos antepasados e reivindícase a importancia dos persoeiros ulloás na Historia.



## A VILA DAS FEIRAS

A feira galega é e foi unha realidade sociocultural e económica de moita importancia na configuración do territorio. Monterroso é un deses exemplos de espazo habitado xurdido da repetición de eventos feirais. Un acontecemento capaz de crear unha vila e de artellar unha rede viaria que comunica toda Galicia e esta con Castela e Portugal, debe contar cun espazo de seu, escaparate da súa repercusión histórica extendida por máis de 800 anos.

A segunda área conta a historia das feiras e mercados de Monterroso: lembra os seus nomes, ubícaas no tempo e no espazo (os antigos tourais), mostra documentación sobre a súa orixe, presenta os produtos típicos e os personaxes que as fixeron e fan posibles. Ademais, ligada á Feira dos Bicos, introduce a realidade da emigración na Ulloa.

